



CONCELLO DE VIGO

Expte.1834/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 28 de xaneiro de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e corenta e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presente por invitación, a secretaria de Administración, Sra. Saborido Díaz (Resolución 24/01/2025) e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(59).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(60).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA CONFORME AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A CONSTRUCCIÓN, REHABILITACIÓN, AMPLIACIÓN, REFORMA, ADQUISICIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO DOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM). EXPTE. 13555/224.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/01/2025, asinado pola xefa de Igualdade e a asesora xurídica de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, a través da Orde do 26 de decembro de 2024, establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a construción, rehabilitación, ampliación, reforma, adquisición e mellora do equipamento dos centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2016, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025 (DOG núm. 12 do 20 de xaneiro de 2025).

Segundo o artigo 4 da dita convocatoria, poderán ser gastos subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Os gastos de demolición, cimentación ou estrutura, a construción de novos edificios e a ampliación das construcións xa existentes.
- b) Obras de reforma que impliquen a modernización, a mellora, a remodelación ou a adaptación do inmovible, entendendo por tales, entre outras, as obras encamiñadas á mellora da conservación, á mellora da eficiencia enerxética, á mellora da accesibilidade e á mellora da habitabilidade dos edificios dos CIM.
- c) A adquisición de equipamento informático como ordenadores, monitores, impresoras e similares, de equipamento de oficina como fotocopiadoras e similares, e mobiliario como mesas, cadeiras e similares.
- d) Gastos de honorarios profesionais derivados de elaboración de anteproxectos e/ou proxectos de obra, estudos de viabilidade, memorias técnicas e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.
- e) Gastos de honorarios profesionais en concepto de dirección de obra e/ou de coordinación de seguridade e saúde e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1834/1102

Segundo o establecido no art. 14.2 das bases reguladoras, ao tratarse dunha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as subvencións resolveranse por orde de entrada das solicitudes presentadas.

O Concello de Vigo, a través do Servizo de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar a prol da igualdade e de combater a violencia contra as mulleres, polo que ao longo dos últimos anos se foron consolidando distintos programas e servizos dirixidos a este fin. O Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres (CIM) é a vía de acceso a esta rede municipal de atención, ofrecendo atención social, xurídica e psicolóxica ás mulleres que o demandan, en especial a vítimas da violencia de xénero. É un centro de titularidade municipal acreditado pola Xunta de Galicia, a teor do disposto no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

Este centro de atención ao público consta dunha sala de espera, 4 despachos, unha sala de reunións e un baño. Considérase necesario repoñer o mobiliario e o equipamento deteriorado polo continuo uso (percheros, paraugueiros, papeleiras, armario de almacenamento para xogos e xoguetes na sala de espera, deshumificadores), así como adquirir novo equipamento que facilite o bo funcionamento do centro (escáner, radiadores programables de emisión eficiente, taboleiros de cortiza, lámpada de mesa). Ademais, valórase necesario realizar as actuacións necesarias encamiñadas a mellorar a habitabilidade e conservación do centro (mediante o pintado e mellora da iluminación no acceso exterior, substitución da rexa exterior e a instalación de iluminación LED e ventás oscilo batientes, con cortina plisada enmarcada en cristal, con dobre acristalamiento con rotura de ponte térmico para mellora da eficiencia enerxética nos despachos e salas do CIM), contribuíndo, ademais, a unha mellora da eficiencia enerxética. Estas melloras repercutirán, por unha parte, no aumento do confort e seguridade para as traballadoras e usuarias, e por outra, nunha mellor calidade do servizo ao renovar tanto o equipamento e mobiliario como as instalacións.

Normativa reguladora:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, atribúe aos municipios competencias en: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

Isto concorda coas competencias que ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolución de Alcaldía de data 19/06/2023, de estrutura da administración do Concello de Vigo, modificada polas Resolucións de datas 28/06/2023 e do 28/06/2024 e posterior corrección de erros do 1/07/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), Resolución de Alcaldía de data 20/06/2023, de delegación de competencias xenéricas en concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), Resolución de Alcaldía de data 30/06/2023, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, modificada pola Resolución do 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023, de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de Área de Goberno e nos/as concelleiros/as delegados/as, modificado polos Acordos do 28/07/2023 e do 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), que, en materia de igualdade son, entre outras: *dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos ao Servizo de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller,...; o impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos ás axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada, correspondendo á Xunta de Goberno Local, por Resolución de Alcaldía do 20/06/2023 de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), a formulación de solicitudes de subvención a outras administracións e aceptación da súa concesión.*

Considerando que o Concello de Vigo reúne todos os requisitos establecidos no art. 3 das bases reguladoras da subvención para poder ser beneficiaria destas axudas e vistos os demais requisitos e demais normativa reguladora, este órgano xestor valora conveniente presentar á devandita convocatoria solicitude para as seguintes actuacións:

a) Actuacións de mellora da conservación, mellora da eficiencia enerxética, mellora da accesibilidade e mellora da habitabilidade do edificio do CIM:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1834/1102

- Mellora do acceso ao CIM: pintado da porta e do acceso exterior, cambio de luminaria do teito de acceso en LED para mellora da eficiencia enerxética e substitución da rexa metálica exterior.
- Mellora do espazo interior do CIM:
 - 14 unidades de plafones LED para iluminación do espazo interior e mellora da eficiencia enerxética.
 - Instalación de 2 tomas de corrente de superficie en sala de reunións.
 - Instalación de 4 unidades de bases con cuarto Suckos e 2 tomas de datos en despachos.
 - Instalación de 7 ventás oscilo batientes, con cortina plisada enmarcada en cristal, con dobre acristalamiento con rotura de ponte térmico para mellora da eficiencia enerxética.

Orzamento estimado: 20.296,54 €. Contía solicitada: 20.296,54 €

b) Adquisición de equipamento informático, equipamento de oficina e mobiliario:

- Equipamento de oficina: 2 escáner profesional
- Mobiliario: 11 radiadores programables de emisión eficiente, 2 deshumificadores, 2 paraugueiros, 1 perchero de parede, 5 papeleiras, 1 lámpada de mesa, 2 taboleiros de cortiza, 1 armario en melamina

Orzamento estimado: 3.201,03 €. Contía solicitada: 3.201,03 €

Contía máxima de axuda que se pode percibir ao abeiro desta convocatoria: 300.000,00 euros.

Contía total da axuda solicitada: **23.497,57 €**

A Orde do 26 de decembro de 2024 da Consellería de Política Social e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán esta convocatoria de subvencións non esixe ningunha obriga ás entidades solicitantes de cofinanciar as actuacións obxecto da mesma.

Esta solicitude de subvención non suporá para o Concello de Vigo ningunha obrigaón económica dado que se solicita o 100% do importe dos proxectos dos que solicita financiamento.

Polo exposto, xa que a aprobación, polo órgano competente, da proposta contida no presente expediente refírese unicamente a unha solicitude de subvención, non supoñendo para o Concello de Vigo a realización directa dun gasto (non se producirá autorización ou aprobación de gasto algún), o presente expediente non se atopa sometido a fiscalización previa pola Intervención Xeral municipal, tal e como informou o Interventor Xeral en data 14.02.2023 en expediente similar nº 12058-224.

Este órgano xestor remitirá o acordo que se adopte ao Servizo de Contabilidade para a toma de razón correspondente, e posterior control financeiro pola Intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta o Servizo de Igualdade por un importe total de 23.497,57 €, en base ao disposto na Orde do 26 de decembro de 2024 da Consellería de Política Social e Igualdade, que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades locais de Galicia para a construción, rehabilitación, ampliación, reforma, adquisición e mellora do equipamento dos Centros de información ás mulleres (CIM) acreditados ao abeiro do Decreto 130/2016, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se convocan para o ano 2025 (DOG núm. 12 do 20 de xaneiro de 2025), distribuída do seguinte xeito:

- a) Actuacións de mellora da conservación, mellora da eficiencia enerxética, mellora da accesibilidade e mellora da habitabilidade dos edificios dos CIM.

Axuda solicitada: 20.296,54 €

- b) Adquisición de equipamento informático e equipamento e mobiliario de oficina.

Axuda solicitada: 3.201,03 €

2º.- Designar á xefa do Servizo Municipal de Igualdade D^a Cristina Gómez García para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia para os aspectos relacionados coa tramitación do expediente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1834/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás dez horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fe.

PSD/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez